

# Máximas e preceptos

Rivarol

Tradución de Perfecto Andrade



# Rivarol

## Máximas e preceptos

Versión galega de Perfecto Andrade

Non teño un minuto de meu, estou sobrecargado de preguiza.

\*

Nada cansa máis cá preguiza.

\*

Todos temos forza dabondo en nós para soporta-la desgracia dos outros, pero quizás non temos tanta para soporta-la súa ledicia.

\*

Se puxese cada día unha máscara, quen debuxase tódalas miñas máscaras aínda non tería feito o meu retrato.

\*

Se os parvos chegasen a facerse unha idea dos sufrimentos que nos fan aturar, terían mágoa de nós.

\*

Hai algo máis alto có orgullo e mais nobre cá vaidade, é a modestia; e algo máis raro cá modestia é a simplicidade.

\*

Só hai unha moral, como só hai unha xeometría: esas dúas palabras non teñen plural.

\*

A vaidade é o defecto que agocha máis vicios: a avaricia e mesmo os celos non a resisten.

\*

O espírito é o lado parcial do home; ¡o corazón é todo!

\*

Tódalas palabras non son boas de dicir; tódalas mentiras son boas de escoitar.

\*

O que cómpre evitar en moral é situa-la súa virtude nos actos indiferentes, como garda-la virxindade.

\*

É ben triste estar a desexa-lo necesario como algo sen o cal somos desgraciados e co que non somos felices.

\*

As imaxes fermosas só feren a envexa.

\*

Por unha fatalidade desgraciada, son os homes que aman mellor os que menos ben saben falar de amor.

\*

Outrora reparaba nunha hora oito días de tolemia, hoxe fanme falta oito grandes días de sabedoría para reparar unha hora de tolemia.

\*

Cando nos propoñemos un fin, o tempo, en lugar de aumentar, diminúe.

\*

O pracer medra coa súa rareza.

\*

Sen a alma, o corpo non tería sentimento; e sen o corpo, a alma non tería sensacións.

\*

¿Que se pode facer entre os maledicentes que din atordadamente o mal do que non están seguros e os amigos que calan prudentemente o ben que saben?

\*

O medo é a máis terrible das paixóns, porque fai os seus primeiros esforzos contra a razón; paraliza o corazón e o espírito.

\*

A distracción depende dunha gran paixón ou dunha gran sensibilidade.

\*

A verdadeira filosofía é ser astrónomo en astronomía, químico en química, e político en política.

\*

Hai desgracias como son os vicios dos que nos poñemos menos vermellos con canto máis xente os compartimos.

\*

A ignorancia mátase coma o apetito: comemos, estudiamos, e é así como se chega a ese estado que fai a morte tan necesaria.

\*

O ser que só sente aínda non pensa, e o ser que pensa segue sentindo.

\*

Os vicios son a miúdo máis hábitos que paixóns.

\*

O esquecemento só sería un remedio soberano se non recordasemos que esquecemos.

\*

Os nosos defectos deberían darnos unha calidade: a indulxencia cos defectos dos outros.

\*

Disque o espírito corre polas rúas; pero é un ruído que fan correr os parvos.

\*

O agradable das malas novas é que nove veces de dez son falsas.

\*

Os silenciosos non son necesariamente pensadores. Hai armarios pechados con chave que están baleiros.

\*

O castigo da xente de espírito é que a escoiten os parvos.

\*

O espectáculo dos malvados fixo a xente de ben, como o do ridículo fixo a xente de gusto.

\*

Este mundo é un gran banquete ó que a natureza convida a tódolos seres vivos, coa condición de que os convidados coman uns ós outros.

\*

Non teño nada que facer, e iso é o que me colle todo o tempo.

\*

A preguiza só é, nalgúns espíritos, o noxo da vida; noutros é o seu desprezo.

\*

A sociedade está composta de dúas grandes clases: os que teñen máis ceas ca apetito, e os que teñen máis apetito ca ceas.

\*

O estómago é o solo no que xermola o pensamento.

\*

Os nenos berran ou cantan todo o que piden, aloumiñan ou rompen todo o que tocan, e choran todo o que perden.

\*

Fíxose un home superior, despois sufrir, quen só había ser un home vulgar, se sempre fose feliz.

\*

Ás veces é ben penoso face-lo propio deber, mais nunca o é tanto coma non facelo.

\*

A envexa que fala e que berra é sempre torpe, é a envexa que cala a que se debe temer.

\*

O silencio nunca traizoou a ninguén.

\*

Non, non fago nada.

Hai anos así, anos nos que non se está de xera.

\*

A memoria está sempre ás ordes do corazón.

\*

En amor non hai máis derradeiro adeus có que non se di.

\*

A vellez non é soportable sen un ideal ou un vicio.

\*

Só o medo de que nolo digan iguala o noso desexo de sabe-lo mal que falan de nós.

\*

Hai prexuizos que non son máis que a vangarda do honor.

\*

Facemos máis polos que tememos que polos que amamos.

\*

É máis fácil para a imaxinación compoñer un inferno coa dor que un paraíso co pracer.

\*

O orgullo está sempre máis cerca do suicidio que do arrepentimento.

\*

Tense fortuna sen felicidade, como se teñen mulleres sen amor.

\*

Cando un home vale máis có que posúe, ten que ser ben pobre.

\*

A xente do mundo emprega mellor o seu ocio có seu tempo; os pobres non teñen ocio.

\*

O matrimonio vén tralo amor, coma o fume trala chama.

\*

En xeral, a indulxencia cos que coñecemos é moito máis rara cá piedade cos que non coñecemos.

\*

Hai pecados tan afagadores que ó confesalos cometemos outro: ¡o orgullo!

\*

A amizade é a irmá do amor, pero non da mesma cama.

\*

¡Para amar dabondo hai que amar demasiado!

\*

A grandeza dun home é coma a súa reputación: vive e respira nos beizos dos outros.

\*

Francia, país onde é decote útil amosa-los vicios propios e sempre perigoso amosa-las propias virtudes.

\*

Por moito que a miña preguiza me faga vale-los seus anciáns privilexios, trátoa como unha vella coñecida.

\*

A fin de contas, é inútil aprender nada durante a vida, xa que saberemos todo trala morte.

\*

Endexamais cheguei tarde a unha cita, porque nunca bulín por ir a ela.

\*

Hai unha especie de pracer en decatarse de que nos deixamos enganar un pouco polos que queremos.

\*

Non se lle debe dar un código á imaxinación.

\*

Nada asombra cando todo asombra: é o estado dos nenos.

\*

É sempre libre quen fai, aínda que á forza, as cousas que necesita, como un servente serve para vivir; pero é escravo o que está obrigado a face-lo que non necesita para nada.

\*

O fillo dun novo rico é ás veces un home moi digno.

¡O seu xenro, raramente!

\*

Levo como unha virtude a disciplina da indolencia.

\*

O amor gusta máis có matrimonio, pola razón de que as novelas son máis divertidas cá Historia.

\*

A xente máis desgraciada é a que sofre pola vaidade. Ese tipo de dores non ten indemnización.

\*

A xente de espírito ama as cousas do espírito como os larpeiros aman as larpeiradas e as coquetas os afagos.

\*

A razón é inútil antes do acontecemento e odiosa despois.

\*

A modestia non lle vai á escuridade.

\*

A xente limitada ama o movemento, só os homes exercitados na meditación aman o silencio e a calma.

\*

¿É certo que lles fan falta parvos ós homes de espírito como lles fan falta enganados ós enganadores?

\*

A falsa modestia é a máis decente de tódalas mentiras.

\*

Pódense dividi-los animais en xente de espírito e xente de talento. O can, o elefante, por exemplo, son xente de espírito; o reiseñor e o verme de seda son xente de talento.

\*

As silvas cobren o camiño da amizade cando non se pasa a miúdo por el.

\*

A crenza en certas verdades só veu a todos porque xa lle viñera primeiro a alguén.

\*

A arte fai todo con arte, e a natureza fai todo sen arte.

\*

Os métodos son os hábitos do espírito e as economías da memoria.

\*

O avaro rise do pródigo, o pródigo do avaro; o incrédulo do devoto, o devoto do incrédulo: tómanse reciprocamente por enganados.

\*

Perdóolle á xente que non sexa da miña opinión; non lle perdoe que non sexa da súa.

\*

As ideas perderán sempre os seus procesos contra as sensacións.

\*

Se lle tes que prestar mil libras a un amigo e pensas que vai ser ocasión de enfadarse, máis vale enfadarse axiña con el.

\*

Cando se cae, nunca se cae ben.

\*



Cada século ten os seus prexuízos e as súas tolemias; e burlámonos sempre con éxito das tolemias pasadas.

\*

A razón está a miúdo entre a risa e a cólera.

\*

A imaxinación é unha memoria que non está ás nosas ordes en absoluto.

\*

As grandes empresas só reviran ás pequenas fortunas.

\*

É cousa divertida que no tocante á xenealoxía os homes teman sempre atopar a súa orixe, e que en metafísica se esgoten para buscar unha ó Universo.

\*

Prefiro que calumnien o meu silencio cás miñas palabras

\*

Ás veces chégase a vencer á xente nunha discusión, a convencela nunca.

\*

En moral, perécese por crimes, e en política por faltas.

\*

Nos sitios importantes, a falta de espírito ten tódolos efectos da perversidade do corazón.

\*

Só temos que supoñer un momento a natureza inmóbil, nada nacerá, pero nada perecerá.

\*

¿Non é algo notable que canto máis simple é un obxecto, menos se pode definir?

\*

É máis fácil ser bo para todo o mundo que para alguén.

\*

O ouro triúnfa sempre de tódalas amalgamas.

\*

A incredulidade é un terrible luxo.

\*

Hai polo regular máis espírito que talento neste mundo: a sociedade bole con xente de espírito á que lle falta talento.

\*

Pasamos a metade da vida retendo sen comprender, e a outra metade comprendendo sen reter.

\*

Nunca se vai tan lonxe como cando non se sabe onde se vai.

\*

O tempo é a beira do espírito; todo pasa diante del, e nós cremos que é el o que pasa.

\*

Non debe perderse o sangue frío máis dunha hora.

\*

Non hai nada tan ausente coma a presenza de espírito.

\*

De vinte persoas que falan de nós, dezanove falan mal, e a vixésima, que fala ben, dío mal.

\*

En cada amigo hai a metade dun traidor.

\*

Hai xente que só ten da súa fortuna o medo de perdela.

\*

¿A eternidade? Gustaríame seguramente, empeza estando deitado.

\*

Vendo actuar ós pequenos reconciliámonos cos grandes.

\*

Moitos charlatáns e mediocres xogan un papel importante nos grandes acontecementos.

¿Por que? Unicamente porque se atopaban alí.

\*

A ambición e a voluptuosidade teñen decote a mesma linguaxe.

\*

É certo que a posesión dunha cousa dá ideas máis xustas dela có desexo: o home ten máis ardor para adquirir que para conservar.

\*

A mesma razón que fai que os parvos teimen nunha idea, failles prodigar ata o noxo a mesma broma.

\*

Hai que facer que morra o orgullo sen ferilo. Porque se o feren non morre.

\*

O tempo é coma un río, non remonta á fonte.

\*

Só esiximos grandes detalles sobre o que nos afecta e nos afaga, o resto non ten para nós interese.

\*

Entre un demagogo e un demócrata, a diferenza é da man ó instrumento.

\*

Os signos son a moeda das percepcións.

\*

A ignorancia fai todo o pracer e todo o frescor das primeiras sensacións.

\*

É da familiaridade do que nacen as máis doces amizades e os máis fortes odios.

\*

Unha das propiedades da virtude é a de non excita-la envexa.

\*

Ó avaro fáltalle tanto o que ten coma o que non ten.

\*

Crearse un nome polos propios talentos, é non deberlle nada a ninguén.

\*

Nunca o repetirei demasiado: merece-la súa desgracia é a maior das desgracias.

\*

É unha terrible vantaxe non ter feito nada, pero non hai que abusar dela.

\*

A razón componse de verdades que hai que dicir e de verdades que hai que calar...

\*

Sabemos por qué fatalidade os grandes talentos son, de ordinario, máis rivais que amigos; crecen e brillan separados, por medo de se faceren sombra: os carneiros amoréanse e os leóns íllanse.

\*

Sendo a vida un todo, é dicir, tendo un comezo, un medio e un fin, non importa que sexa longa ou curta; importa só que teña as súas proporcións.

\*

Non hai cortesán un pouco hábil que non teña experimentado que á forza de falar ben dun parvo ou dun estafador ben situado acabamos por pensar ben del.

\*

Nunca lle minta a alguén no que quere ter confianza.

Logo de mentirlle unha vez, custaralle a vostede ben crelo a el.

\*

Anula-las diferencias, é confusión; despraza-las verdades, é error; cambia-la orde, é desorde.

\*

A felicidade dos grandes está en nós e non neles.

\*

É polo espírito polo que nos divertimos; é polo corazón polo que non nos aburrimos.

\*

O xenio non explica a Deus, a bondade próbao.

\*

Non só hai moitos espíritos limitados, senón que mesmo os súas límites están mal postos.

\*

O comercio aproxima os espazos e o crédito aproxima o tempo.

\*

Unha arte que fatiga non é unha arte.

\*

Só a natureza uniu sempre o castigo e a recompensa en cada unha das súas leis.

\*

A imaxinación é a facultade de rastrexar as percepcións con máis ou menos vivacidade.

\*

O ouro, semellante ó sol que funde a cera e endurece a lama; desenvolve as grandes almas, e reduce as pequenas.

\*

Un pouco de filosofía aparta da relixión e moita leva a ela.

\*

O xenio córtalle-lo pescozo ós que pillar.

\*

O deber é o que se esixe dos outros.

\*

A maioría dos nosos impíos só son devotos revoltos.

\*

As paixóns son os oradores das grandes asembleas.

\*

O incrédulo engánase sobre a outra vida, o crente engánase a miúdo sobre esta.

\*

Toda a arte naceu das importunidades da necesidade e dos rexeitamentos da natureza.

\*

Estraña rareza do espírito humano, pódese convencer a un home dos seus erros, e non convertelo.

\*

O talento non é máis que o espírito de empregar o espírito.

\*

Os pequenos espíritos triúfan sobre as faltas dos grandes xenios, como ós mouchos lles aproveita un eclipse de sol.

## Das mulleres

Mesmo se a muller é fermosa, cando recollémo-la froita, a flor murchou.

\*

Tódalas mulleres queren que as estimen; impórtalles moito menos que as respecten.

\*

Rivarol dicíalle a un mozo que non se decataba de que o amaba unha muller:

—Aínda é ben novo, só sabe le-las letras maiores.

\*

As mulleres absolutamente fermosas só teñen o pudor que que lles cómpre para facer vale-la súa beleza.

\*

Só hai algúns homes que as mulleres querían que as amasen. É o que fai crer que elas aman; pero unha vez o amor inspirado, unha vez o triunfo obtido, non é raro que pensen noutra cousa.

\*

É perigoso bulir de máis detrás das mulleres e socialas. Cómpre a indiferencia para inflamalas; e afanse tanto ás caricias excesivas que as aburren ó final.

\*

"Volve", escribíalle unha muller ó seu amante: "se puidese amar a un ausente, amaría a Deus"

\*

Dunha filla de L... etc. de Mlle. Durancy: "Naceu da tolemia sen espírito e da parvada sen bondade."

\*

Sobre unha muller que perdía os seus amantes: "Crece sen garda-las súas conquistas."

\*

—Acepto –dicíalle el a unha dona– envellecer amándoa, pero non morrer sen dicirlo.

\*

Nacen máis homes ca mulleres en Europa; iso só condena ás mulleres á infidelidade.

\*

Corrompémo-la filla inocente con proposicións libres, e o amor delicado seduce á muller galante: froita nova para unha e a outra.

\*

—¿Por que xa non o vemos no mundo?

—É que xa non me gustan as mulleres e coñezo os homes.

\*

Nun salón, unha moza excesivamente delgada tiña un soberbio can deitado ós seus pes.

—¿Quen é? –preguntoulle unha dona a Rivarol.

—É un can que garda o seu oso.

\*

Unha moza queixábaselle a Rivarol das proposicións do seu amante:

—Tivemos unhas verbas a outra noite, e a penas me atrevo a repetir: ¡tratoume de puta!

—¡Que lle quere querida, a xente é tan groseira hoxe que lle chama a todo polo seu nome!

\*

Cando apareceu a obra de Mme. de Staël sobre as Paixóns, esta preguntoulle a Rivarol:

—¿Que pensa do meu libro?

—Fago coma vostede, señora, non penso.

\*

Nos seus inicios en París, unha princesa invitáralo varias veces, pero en van, a ir á súa casa, e atopouno un día nun salón amigo:

—¡Que mágoa –atacou ela de inmediato– que a xente de espírito non sexa xente de calidade!

—¡Qué mágoa –respondeu Rivarol inclinándose– que as mulleres de calidade non sexan mulleres de espírito!

\*

Unha dama gababa o encanto dun seductor:

—¡Que home! Que ben coñece o corazón das mulleres.

—¡Oh! É ben certo –replicou Rivarol–, só que o sitúa de ordinario un pouco baixo.

\*

Unha muller sen talento é a madrasta do seu espírito; só sabe sua-las súas ideas.

\*

Dunha muller cotorróna e ben parva:

—¡É unha cántara que perde!

\*

Non por vestirse unha muller é mal feita.

\*

A súa muller díxolle un día:

—¿Que? ¿Bocexa? ¿Abúrrese comigo?

—Non é iso –replica Rivarol–, senón que como vostede e mais eu só somos un, abúrrome cando estou só.

\*

Dunha señorita: "É unha persoa encantadora, e que vive o máis honestamente que é posible fóra do matrimonio e do celibato."

\*

Rivarol estaba á mesa a carón dun home que lle preguntou se a muller que tiña diante del non era a muller do que estaba ó lado dela.

El decatárase que este non lle dixera palabra.

O que fixo responder a Rivarol:

—Señor, ou non a coñece ou é a súa muller.

\*

¿Que é unha amante? Unha muller ó lado da cal esquecémo-lo que sabemos de memoria, é dicir, tódolos defectos do seu sexo.

\*

Cando Rivarol estaba en Berlín, preguntoulle unha das maiores damas desta cidade se as francesas eran realmente máis fermosas cás prusianas; el respondeulle á princesa:

—Señora, en París, case só xulgan a beleza polos ollos; aquí, ó contrario, é o corazón o que fixa os ollos.

\*

A unha viúva que, despois dalgún tempo, tiña idea de volver casar:

—¡Sabe que é unha fermosa cousa leva-lo nome dun home que xa non pode facer parvadas!

\*

As mulleres só teñen de bo o que teñen de mellor.

\*

Hai mulleres honestas, como hai vocacións frustradas.

\*

Dicía dunha princesa:

—É unha muller que hai que enganar necesariamente, pois non é da clase das que se poden deixar.

\*

Enfeitizada polas súas verbas de espírito, unha muller de idade madura fixo unha carantoña nun salón:



—¡Ai! Señor de Rivarol, un fillo coma vostede é o que me faría falta.

—Querida señora, cando se quere ter un fillo coma min ten que facelo un mesmo.

\*

Rexeitando os avances dunha dona:

—Estimo bastante pouco as calidades polas que me busca; se coñecese ela as calidades polas que me estimo, pecharíame a súa porta.

\*

De Madame de Staël:

Imaxe completa do vicio, fareille o retrato en dúas palabras:

Moza, usou da súa beleza; vella, traficou co seu espírito; pero como o ceo lle rexeitou o encanto da inocencia á súa xuventude e a maxia do talento ás súas produccions literarias, só atopou nas revolucións con qué desagaviarse das aldraxes do tempo e desta avaricia da natureza.

\*

As mulleres que escriben son, en xeral, estranxeiras no seu sexo; perden en amabilidade o que gañan en erudición. O seu saber reséntese sempre da delicadeza dos seus órganos; cantos máis esforzos fan para disimulalo, máis triúnfa a natureza sobre a arte.

\*

A muller só se dá ó seu primeiro amor: ¡en tódolos outros retráctase!

\*

O que unha muller chama ter razón é non ter tódolos erros.

### Dos homes

Se existise sobre a terra unha especie superior ó home, admiraría ás veces o noso instinto, pero riría decote da nosa razón.

\*

Un home díxolle un día:

—Só fixen un mal na miña vida.

—¿Cando acabará? —replicou Rivarol.

\*

Sobre un home duro e denigrante: "Usou toda a súa indulxencia, e o pouco que lle queda gárdao para si."

\*

É un home que quere que as mulleres o adoren, ¡e é caro!

\*

Os homes teñen dereito ás veces a falar mal das mulleres, nunca dunha muller.

\*

É triste ter un gran nome e non ter fortuna;

ter unha gran fortuna e non ter nacemento;

ter nacemento e fortuna e non ter espírito;

ter espírito e non ter consideración;

ter en fin unha educación distinguida e vivir coa xente do pobo.

Non é menos certo que polo seu lado, o home do pobo está molesto coas clases altas; e que se a ciencia xeme coa veciñanza da ignorancia, esta escapa á súa vez das comunicacións co mérito.

Parece pois, que a felicidade é harmonía, e é en efecto na harmonía onde se atoparía a felicidade, se as paixóns e o fastío non viñesen con demasiada frecuencia a corrompe-los dons da fortuna e os froitos da industria e da sabedoría.

\*

Nada proba máis a pouca estima que os homes teñen pola súa especie có desprezo involuntario que testemuñan ós actores, e en xeral a tódolos que os divirten e que serven os seus praceres; e a maioría dos homes dan por razón de desprezo dunha dona que xa a tiveron.

\*

Hai homes tan fáciles de preocupar, tan indiferentes sobre o seu xuízo, tan teimudos ademais, que acaban por poñer-la súa probidade a dubidar da dos outros.

\*

Ós homes só lles gusta afondar ata certo punto: viven día a día coa súa conciencia.

\*

A natureza puxo o home sobre a terra con poderes limitados e desexos sen termo.

\*

Os homes nacen espidos e viven vestidos, como nacen independentes e viven baixo as leis. As roupas molestan un pouco os movementos do corpo, pero protéxeno contra os accidentes do exterior: as leis molestan as paixóns, pero defenden o honor, a vida e mailas fortunas.

\*

Sacade o xénero humano, o universo non ten testemuñas.

\*

Os homes colocaron sobre a mesma liña aqueles dos que se fan unha grande idea e aqueles que lles dan grandes ideas.

\*

Un home mediocre que toma ben o seu tempo, pode, con xeito e paciencia, xogar un papel e facer que falen del.

\*

Todo o mundo se axita para dar ó final coa calma; pero hai homes tan nugalláns que poñen a meta ó principio.

\*

Un se é home de espírito por ter moitas ideas, como non se é bo xeneral por ter moitos soldados.

\*

O home que fala é o home que pensa en alto.

\*

O home non cre en Deus, teme en Deus.

\*

Sómo-lo único animal que se sorprende do universo, e que se asombra tódolos días de non estar máis asombrado.

\*

Un home faise grande, e de pronto moita xente faise hedra, porque el se fixo carballo.

\*

En Inglaterra, o espírito público é máis san; en Francia, o espírito particular vale máis: de xeito que en Inglaterra atoparedes máis ben un mellor pobo, e en Francia un mellor home.

\*

Os mesmos medios que fan a un home capaz de facer fortuna impídenlle aproveita-la súa fortuna.

\*

O home pasa a súa vida razoando sobre o pasado, queixándose do presente, e tremelicando polo futuro.

\*

É un home do que escapa nos tempos calmos e que escapa nos tempos de trebón.

\*

O home sempre terá por seus amigos os inimigos dos seus inimigos.

\*

Dous homes, igualmente ignorantes, non terían ningún medio de probarse a súa ignorancia. Fai falla, para que dous homes se coñezan, que un deles sexa instruído.

\*

O que só ten un desexo ou unha opinión é un home de carácter.

\*

O home: é un viaxeiro que acaba co seu camiño.

\*

Se o home tivese ollos todo arredor da cabeza, "diante" e "detrás" non existirían para el.

\*

Un home insolente fai moitos inimigos; o que fixo moitos inimigos ten moita gana de destruílos, do que resulta que este home será cruel desde que sexa poderoso.

\*

É parvo, pero escoita á xente de espírito con paciencia.

\*

Os parvos deberían ter pola xente de espírito unha desconfianza igual ó desprezo que estes teñen por eles.

\*

Os filósofos son máis anatomistas que médicos: disecan e non curan.

\*

Recibe o veneno como un sapo e devólveo como unha víbora.

\*

Canta menos distancia hai entre dous homes máis son puntillosos para facela notar.

\*

Todo home que se eleva íllase.

#### Da sociedade

Aristipo, tras naufragar, atracou nunha illa descoñecida, e vendo figuras de xeometría trazadas sobre o río, berrou que os deuses non o conduciran onda os bárbaros. Cando se chega a unha poboación e se atopa nela a lingua francesa, podemos crer que estamos nunha poboación educada.

\*

Nunca se perde máis a razón que cando se ten moita razón que perder; como nunca se arruína un mellor

que cando se ten moita fortuna.

\*

Todos temos ideas coma todos temos cara; poucos homes, sen embargo teñen espírito e rostro. Para iso cómpre unha certa orde nos trazos e nas ideas: ó pensamento fálle falta sobre todo variedade, novidade e movemento.

\*

O amor propio, en amor ou na desgracia, prega sempre torpemente: porque lle fala sempre del mesmo ó obxecto amado, e de servizos prestados, en lugar dos bens recibidos, á potencia á que implora.

\*

Os filósofos confundiron a igualdade coa semellanza. Os homes nacen en efecto semellantes, pero non iguais.

\*

O desexo é á paixón o que o pracer á felicidade: pero o desexo faise a miúdo paixón, e ningún pracer se fixo aínda felicidade.

\*

Os espíritos extraordinarios teñen moita conta das cousas comúns e familiares, e os espíritos comúns só queren e buscan as cousas extraordinarias.

\*

Sempre loaremos ós pobos con estas dúas palabras, *orde e liberdade*: pero a orde apunta ó despotismo, e a liberdade á anarquía. Fatigados do despotismo, os homes gritan liberdade; engurrados pola anarquía gritan orde. A especie humana é coma o océano, suxeita ós refluxos: abanéase entre dous ríos que busca e foxe por quendas, cubríndoos sen cesar coas súas ruínas.

\*

O espírito non pode pasar sen ideas, e as ideas non poden pasar sen talento; é el o que lles da a faísca e a vida: agora ben, as ideas só piden ser ben expresadas, e, se está permitido dicilo, mendigan a expresión. Velaí por que o home de talento rouba sempre ó home de espírito: a idea que lle escapa, sendo só enxeñosa, faise propiedade do talento que a colle.

\*

A educación componse de resistencias necesarias e de condescendencias xustas: é unha transacción perpetua das vontades e das necesidades dun home coas necesidades e vontades dos outros: é un fondo situado sobre un neno, do que el e a sociedade retiran froitos.

\*

É, por unha parte, unha cousa notable a tranquila desatención, a ingratidade habitual coa que gozamos dos dons esenciais da natureza, como a vista, por exemplo; e pola outra, a desesperanza que nos colle, se algún accidente nos priva dela. É todo o contrario para as cousas da arte: gózase dun bo espectáculo con transportes que só teñen de igual a facilidade de pasar sen eles.

\*

Rivarol tomáralle prestado a M. De Ségur, a moza, un anel que tiña a cabeza de César. Algúns días despois,

M. De Ségur pediullo. Rivarol respondeulle "César non se rende".

\*

Rivarol estaba invitado a cear con Mme. de Vaudemont. Esperábase que fixese moito gasto de espírito, non dixo palabra. Finalmente, acosado polos seus veciños, dixo unha gran parvada. Berraron. E dixo: "Non podo dicir unha parvada sen que berren polo ladrón."

\*

Rivarol defendíase con humor do reproche que lle facían de que era un asalariado da Corte; entón gustáballe recorda-las palabras de Mirabeau: "Pagado, pero non vendido" e engadía virándoas: "Vendido, pero non pagado".

\*

O duque de Guiche, nunha cea na casa de Mme. de Polignac, asombrado pola consideración particular que lle tiñan a Rivarol, díxolle a un dos seus veciños:

—Se isto dura, os salóns vanse facer academias,

—Señor duque –respondeu Rivarol–, antes de que iso pase, fará falta que os salóns estean compostos de xente digna de ocupa-lo seu posto nas academias.

\*

—¿Que razóns –preguntábanlle– tivo M... para matarse?

—Fan tanta falta razóns moi fortes para vivir como non se necesitan para morrer.

\*

A xente non é tan mala como di. Vostede botou vinte anos para facer un mal libro, e á xente só lle fixo falta un momento para esquecelo.

\*

A fatalidade ou predestinación está nas cousas e non en nós. É fatal que todo corpo que pase por esa pendente esvare e caia; pero non o é que pase tal home.

\*

Haberá sempre dous mundos sometidos ás especulacións dos filósofos: o da súa imaxinación, onde todo é verosímil, e nada é verdadeiro, e o da natureza, onde todo é verdadeiro sen que nada pareza verosímil.

\*

Podemos ter probado todo, estar cubertos de gloria, cheos de bens, ter coñecido mesmo a desgracia, e suspirar de fatiga ou secar de aburrimiento no seo de tantas felicidades aparentes. Pero se a tristura está tan cerca da fortuna, ¿por que a cobiza está tan lonxe da piedade?

\*

Un día que ceaba co abade Sabatier, propuxéronlle a este un prato de salchichón de asno:

—O abade non o comerá —observou rindo Rivarol—, non é antropófago.

\*

O abade de Balivière díciulle a Rivarol, sobre a Revolución:

—Si, é o espírito o que nos perdeu a todos.

El respondeulle:

—¿E vostede non nos ofrece o antídoto?

O mesmo abade de Balivière pediulle un epígrafe para unha das súas obras:

—Só podo —díxolle el— ofrecerlle un epitafio.

\*

As paixóns teñen diferentes saídas: vemos homes que non só confesan os seus vicios senón que se gaban deles, e outros que os agochan con coidado; uns buscan compañeiros e os outros a quen enganar. O egoísta máis grande non é sempre o que admite o seu egoísmo; como o máis lambón non é o que berra que un prato está bo, senón o que o saborea e que cala por medo a que llo pida todo o mundo.

\*

A natureza, ó ter só as súas catro grandes decoracións das estacións, o sol, a lúa e os outros actores celestes, cambia os espectadores e envíaos a outro mundo. Nós non podemos cambiar ós espectadores, cambiámo-las decoracións e a obra.

\*

Do mesmo xeito que canto máis o cultivo embelece ou fai máis grande unha flor ou unha froita, menos levan grans ou pebidas: así, canto máis cultiva un home a súa cabeza, menos é propicio á xeración ou ós traballos manuais. O que proba sempre que o natural non é que unha flor sexa unha fermosa flor, ou unha froita unha froita grande, ou o home un gran pensador.

\*

Dicía dun home moi de seu: "Queimaría a vosa casa para cociñar dous ovos."

\*

A un autor, coñecido pola seu uso do mundo: "O que o formou máis, foi ter sabido deitarse, chegado o caso, con mulleres de corenta anos e escoitar a vellos de oitenta."

\*

Un amigo queixábaselle a Rivarol dos seus deberes sentimentais:

—Non consigo nada, nada... Para dicir todo, teño un rival... ¡Un cabaleiro de Malta!

—¡Vaites, vaites! Séguelle a face-la guerra ós infieis.

\*

O odio mesturado con desprezo que Rivarol tiña por Mirabeau marcaba en anacos do xénero de estes: "Mirabeau era o home do mundo que máis asemellaba á súa reputación, era horrible... Mirabeau era capaz

de todo por diñeiro, mesmo dunha boa acción... O diñeiro só lle custa crimes, e os crimes non lle custan nada..."

\*

Un día atopou a Florian que ía diante del, cun manuscrito saíndolle do peto. Abordouno e díxolle:

—¡A Señor!, se non o coñeceramos, roubaríámoslo.

\*

Dicía do fillo de Buffon: "É o peor capítulo da *Historia natural* do seu pai."

\*

Unha vez, un poeta chegou todo encantado. Acabáballe de ler una traxedia que escribira a un oínte compracente, do que dixo o nome.

Ó instante, Rivarol ergueu os brazos ó ceo:

—¡A! ¡Meu Deus! —berrou—. ¿Nunca lle dixera que era un dos meus amigos?

\*

Falando dunha actriz que contaba máis escándalos ca éxitos, matizou:

—Esta muller é demasiado coñecida... ¡e non dabondo célebre!

\*

A un autor laborioso, que raiaba os seus textos con moitos trazos:

—O que vostede fai non é literatura, senón música.

\*

—Querido señor Rivarol, vostede que sabe dicir todo, ¿hai no seu pensamento unha gran diferenza entre o amor e a amizade?

—Unha diferenza enorme, señora. Do día á noite.

\*

Chamfort dicíalle a Rivarol, que lle presentase un mozo que coñecía:

—O seu amigo non ten ningunha uso do mundo, non sabe nada de nada.

—Si —dixo Rivarol—, e xa está triste coma se o soubese todo.

\*

Considerando una sala de conferencias baleira nos tres cuartos:

—Os gardas están nas portas, non para impedir entrar, senón para impedir saír.

\*



Nun salón, unha célebre actriz exhibía un magnífico colar de diamantes, regalo dun príncipe, que tiña por único defecto ser esaxeradamente longo. Unha muller díxolle, non sen celos, a Rivarol:

—¡Un colar dese longo, eu non o atopo distinguido! ¿Non atopa que baixa de máis?

E rivarol replicou, imperturbable:

—¡Señora! ¡Volve á súa orixe!

\*

O abade Sieyès, que se expresaba con desgracia, díxalle un día:

—Teño que dicirlle o meu xeito de pensar.

—Afórreme o xeito –respondeulle Rivarol– e dígame simplemente o seu pensamento.

\*

Rivarol díxolle un día a un dos seus amigos case tan malicioso coma el:

—Se isto dura un pouco máis, con nós xa non haberá ningunha palabra inocente na lingua.

\*

Un parvo dixu no medio dunha conversación:

—Venme unha idea.

Rivarol respondeu:

—¡Sorpréndeme ben!

\*

Un cortesán, e non creo que haxa algo no mundo máis parvo ca un cortesán, respondeulle a Luís XV, que lle pedía a hora:

—Señor, a hora que praza á súa maxestade.

\*

Un médico impagado e inxuriado díxalle:

—Enviareille as miñas testemuñas.

—Espere a que estea enfermo –replicou Rivarol–. Estará seguro de non me perder.

\*

A reputación das súas palabras chegou ata o rei, que o fixo vir e comprometeuno a darlle un exemplo:

—Déame, Señor, un tema.

—Pois ben, faga un sobre min.

—Señor, o rei non é un tema.

\*

Un novo escritor, tomado polos remordementos de conciencia, pensou que lle debía confesar que publicara un panfleto contra el.

—¿Que máis me ten? —replicou Rivarol—. Só leo os artigos nos que falan ben de min.

\*

Dun autor de cartas:

—É o tipo mesmo do autor que ten frases dunha lonxitude desesperante para os asmáticos.

\*

—¡A, querido amigo, déixeme contarlle unha fermosa parvada!

—¡Fale!

\*

Nun salón onde alangreaba a conversación.

—Deixemos durmir ó Sr. Rivarol, ¡non falemos máis!

E Rivarol, abrindo un ollo:

—Se deixan de falar, ¿como queren que durma?

\*

—Falaba moito a outra tarde, e con xente ben aburrida.

—Falaba por medo a escoitar.

\*

—Escribireille mañá sen falta.

—Non se moleste, escribame coma de ordinario.

\*

Sobre os agrandamentos de París.

—París parécese a unha filla da ledicia, que só crece pola cintura.

\*

Un parvo gabábase de saber catro linguas.

—¡Bravo, señor, ten catro palabras para unha idea!

\*

Acollido un día no campo:

—¿Como atopa este recantiño verde? —preguntoulle o feliz propietario, conducindo ó seu hospede ó xardín.

—Non moi largo —respondeu Rivarol.

E despois, mirando ó ceo:

—¡Pero moi alto!

\*

—¿Sabe vostede, señor, que vale máis cá súa reputación?

—¿Non é posible?

—Si, dixéranme que era malvado.

E Rivarol, escachando coa risa:

—¡Ah! Nunca hai que crer eses contos, querida señora: a min dixéranme que vostede era boa.

\*

Cando soubo que o arcebispo de Toulouse se envelenara, dixo:

—Tragaría unha das súas máximas.

\*

Ó autor dun epigrama escrito contra el:

—Deume un couce coa man coa que escribe.

\*

Do seu secretario, que non lembraba no serán o que fixera pola mañá:

—Sería un excelente secretario de conspiración.

\*

Ó botar un peido un home parvo con forza:

—¿Gustaríalle —dixo— que o señor falase?

\*

Rivarol, ó que lle preguntaban qué pensaba de Beaumarchais, respondeu:

—Colgarano, pero a corda romperá.

\*

Dun xogador feito cortesán.

—Desde que gabea xa non rouba.

\*

—¿Abúrrrese, meu señor?

—Que importa que me aburra, con tal de que me divirtan.

\*

Un serán, nunha cea, unha duquesa dicía que habería que xostrear a María Antonieta polas súas frivolidades.

—Señora –murmurou Rivarol–, cando xostreen á raíña, ¿que pensa que lles farán ás duquesas?

\*

A un mediocre escritor que lle acaba de entregar unha das súas obras, antes de saír de viaxe:

—¿Non quere, logo, que me decate da súa ausencia?

\*

A propósito de un abade, autor de varias oracións fúnebres.

—Nunca se sente mellor a nada do home que na prosa deste orador.

\*

A un mal poeta:

—As súas poesías son prosa na que se meteron os versos.

\*

Confundimos desde sempre o espírito e o talento; e sen embargo a diferenza é considerable.

\*

Do bispo de Autun, monstruosamente gordo:

—Foi creado e posto no mundo para mostrar ata onde pode chega-la pel humana.

\*

Rivarol falaba un día con d'Alembert, ó que non lle gustaba Buffon. O secretario da Academia Francesa díxolle:

—Non me fale de Buffon, dese conde de Tuffières que, en lugar de nomear simplemente o cabalo, di: "A máis fermosa conquista que o home fixo nunca, é a de este soberbio e fogoso animal", etc. ¿Por que non di, o cabalo?

—Si –retomou Rivarol–, é coma ese parvo de Jean-Baptiste Rousseau, ó que se lle ocorreu escribir:

"Dos bordes sagrados onde nace a aurora

Ós bordes en chamas do poñente",

En lugar de dicir do Leste ó Oeste.

\*

Á mesa, con outros emigrados:

—Si, señores, eu vin correr ese sangue...

¿Quéreme botar un vaso de viño de Borgoña?...

—Si, señores, ¡eu vin caer esa testa! ...

¿Quéreme pasar unha ala de polo?

\*

Dicía do Señor de la Reynie, onde ía todo o mundo pola súa mesa, pero que atopaban moi aburrido:  
"Cómese, pero non se dixire."

\*

A un detractor:

—Deus puxo o contraveleno do que pode dicir, na opinión que se ten do que pode facer.

\*

O mariscal de Ségur, que era manco, non cesaba de solicitarlle unha pensión á Asemblea Constituinte.  
Rivarol dicía:

—Téndelle á Asemblea ata a man que lle falta.

\*

Algún tempo antes da súa morte, dicíalle a un dos seus amigos:

—Hoxe, repudiando toda lembranza do pasado, só salvei do naufraxio a miña indiscreta sensibilidade e a miña boa preguiza.

\*

A gloria non é máis que fume, estou de acordo, pero o home non é máis que po.

\*

Á arte debe darse un fin que recúe sen cesar.

\*

O talento é unha arte mesturada de entusiasmo; se só fose arte, sería frío; se só fose entusiasmo, estaría descontrolado: o gusto sérvelles de vínculo.

\*

O pobre pedante toma os escanos da súa biblioteca polos da gloria.

\*

A unha amiga: "Respóndame o máis rápido posible sobre a miña última carta. Non son con vostede coma Madame de Sevigné coa súa filla, non a quero de tan lonxe; o silencio e a ausencia que embelecen as relacións ordinarias fan a desgracia da nosa."

\*

Os xudeus dicíanlle a Deus:

—Señor, faino todo polos vivos, porque non tes nada que esperar dos mortos.

\*

Helvetius dixo que, se as nosas pernas e os nosos brazos rematasen en cascos, e se os cabalos tivesen mans, nós galoparíamos no campo e os cabalos construírían cidades e farían libros e leis.

\*

Ese preguiceiro que confesaba el mesmo, non sen certa coquetería, o seu amor ó "farniente", debía, no seu leito de morte, declarar:

—Non me podo anoxar co meu leito, porque é aí onde concibín tódalas miñas ideas.

#### Da literatura e dos escritores

\*

No diccionario da Academia, non se atopa o que non se sabe; pero tampouco se atopa o que se sabe.

\*

Un libro que apoian é un libro que cae.

\*

O que non é claro non é francés.

O que non é claro é aínda inglés, italiano, grego ou latín.

\*

Ó final todo se usa, todo se fai lugar común en literatura.

\*

Obrigado a traballar na redacción dun diccionario de gramática, ordenado por un libreiro esixente:

—Semello un amante que diseca a súa amante.

\*

Un home habituado a escribir escribe tamén sen ideas, coma ese vello médico que lle palpaba o pulso á

cadeira de brazos morrendo...

\*

En van as trompetas da fama proclamaron tal prosa ou tal verso: hai sempre na capital trinta ou corenta cabezas incorruptibles que calan. Ese silencio da xente de gusto serve de conciencia ós malos escritores, e atorméntaos o resto da súa vida.

\*

Ronsard construíra chozas con anacos de columnas gregas; Malherbe ergueu o primeiro dos monumentos nacionais.

\*

É máis fácil andar sobre as augas con Cristo que atravesar a vida cun editor.

\*

Para chegar a cousas novas en literatura, hai que despraza-las expresións e, en filosofía hai que despraza-las ideas.

\*

O falar é o vestido do pensamento, e a expresión élle a armadura.

\*

As ideas mendigan a expresión.

\*

O "e" mudo, semellante á derradeira vibración dos corpos sonoros, dálle á lingua francesa unha harmonía lixeira que é só dela.

\*

É bo non dar demasiados vestidos ó pensamento dun. Hai que, por dicilo así, viaxar nas linguas; e despois de ter saboreado o gusto dos máis célebres, volverse pechar na dun.

\*

As palabras son coma as moedas: teñen un valor propio antes de expresar tódolos xéneros de valor.

\*

A vida da xente de letras está case sempre nas súas obras; escriben para os séculos, e raramente os seus contemporáneos os coñecen. Comentámo-los seus escritos, pero o lugar do seu nacemento ignórase tanto como a época da súa morte.

\*

A lingua é un instrumento do que non hai que facer renxe-los resortes.

\*

Faríase decote un bo libro do que non se dixo, e tal edificio só vale polas súas reparacións.

\*

Dicía chacoteando:

—Traducín o *Inferno* de Dante, porque volví atopar nel ós meus antepasados.

\*

Os que toman prestados os xiros dos vellos autores para ser inxenuos, son vellos que, ó non poderen falar como homes, tatexan para parecer nenos.

\*

Un libro é, durante semanas, durante meses, o pensamento que se recolle e se concentra: é ese corpo que fai converxe-los seus músculos e os seus nervios cara a un só punto... cara á punta da pluma.

\*

É bo distingui-lo momento no que non se ten nada máis que dicir ó público, e non abusar da facilidade que se adquiriu escribindo as súas primeiras obras.

\*

A maioría dos libros actuais parece que os fixeron nun día con libros lidos a véspera.

\*

Mirabeau enfadárase polo desprezo literario no que o tiña Rivarol.

—¡Vostede é unha divertida autoridade! —berroulle un día—. Debería observa-la diferenza que hai entre as nosas dúas reputacións.

—¡Ah!, ¡señor conde! —replicou Rivarol—, ¡nunca me atrevera a dicirillo!

\*

Dun poeta, curto de inspiración:

—Ten sempre o ollo no ceo, e busca as súas inspiracións no teito.

\*

Hai unha literatura que tratamos como tratamos a algunhas mulleres que parece que amamos, que amamos quizás durante algún tempo, pero que non saudamos cando as volvemos atopar.

\*

A propósito da obra dun autor prolixo:

—É un libro que non é proporcionado coa brevidade da vida, e que solicita un resumo desde a primeira páxina.

\*

Ata aquí contaramos tres especies de estilo —o simple, o temperado e o sublime— que clasificamos inocentemente nas retóricas correntes, pero estamos obrigados a admitir un cuarto desde que o señor Necker escribe: ¡é o estilo ministerial!



\*

É despois da idade das paixóns cando os grandes home produciron as súas obras mestras, como é trala erupción dos volcáns cando a terra é máis fértil.

\*

A xente de letras ama ós que divirte, como os viaxeiros aman ós que asombran.

\*

O home nado poeta volve sobre as súas primeiras sensacións desde que o talento se desenvolve: fai unha segunda dixestión das palabras; busca os seus primeiros sabores, e é dos efectos sentidos da súa diversa harmonía do que compón o seu diccionario poético.

\*

Os pobos non teñen a soberanía da linguaxe, pero teñen a propiedade.

Os grandes escritores son os únicos soberanos conservadores da linguaxe.

\*

Dun mal libro: "Obra pensada na rúa e escrita sobre unha mouteira; o autor pintou a bodega e o faiado saltando o salón."

\*

Cambia-lo sentido das palabras dunha lingua feita é altera-lo valor das moedas nun imperio; é produci-la confusión, a escuridade e a desconfianza cos instrumentos da orde, da claridade e da fe pública: se se desordenan os mobles no cuarto dun cego, condénase a facer unha nova memoria.

\*

Diríase que hai nos dicionarios certas palabras usadas que esperan que apareza un grande escritor para retomar toda a súa enerxía.

\*

A xente de letras está raramente celosa das reputacións ás veces esaxeradas que teñen algunhas obras: miran este éxito como as mulleres honestas miran a fortuna das mozas.

\*

Voltaire empregou a mina de chumbo para a epopea, o lapis para a historia, e o pincel para a poesía fuxitiva.

\*

A pintura só lles toma unha actitude ós personaxes, un incidente á acción e un momento ó tempo; o pintor só dispón dun lugar, o poeta ten o espacio á súa disposición.

\*

Obra que se le, obra que dura:

Obra que se rele, obra que queda.

## Da política

Sobre a Revolución:

O que hai de verdadeiramente admirable na nosa gloriosa rexeneración é que tódalas clases de homes contribuíron a ela igualmente. O par de Francia sen crédito uniuse ó zapateiro sen práctica, para salva-la patria en perigo; o guerreiro descontento tranquilizou ó tímido mirón poñéndose ás súas ordes; e o escritor desgraciado, en concerto co escribán público, cantou as nosas victorias; é sen dubida a esa feliz amalgama á que lle debémo-la nosa increíble liberdade. Foi por un acordo perfecto entre o refugallo da Corte e o refugallo da fortuna polo que chegamos a esta distribución de bens, que forzaba ó pobre a traballar para o rico, ¡o que lle daba ó diñeiro unha circulación mal entendida e á terra unha fertilidade perigosa! Gracias ó Ceo, todo volveu ó estado salvaxe no que vivían os primeiros homes; o partido máis forte atopouse naturalmente o máis xusto; e como todo o mundo se puxo a gobernar, afogaron os gritos dos descontentos. Xente mal intencionada puido reprocharlle á nación o sangue que expandiu tomando a autoridade; creron que a feble voz da humanidade podía interromper unha empresa tan importante: ¡como se enganaron, os pérfidos! Á elite dos franceses, ós bravos parisienses, penetrounos unha crueldade verdadeiramente cívica: ó non quereren máis xefes, só desexaron vítimas, e cortáronlle-lo pescozo con ignominia ós indignos suxeitos que obedecían ó seu señor.

¡Que non lle debemos tamén ós xenerosos gardas franceses, que mantiveron tan ben a súa reputación! Para unirse ó pobo irritado, non esperaron sequera a que os fixesen marchar contra el; e no ardor de abandonalas súas bandeiras adiviñaron a tiranía. ¡Que espectáculo admirable para o exército francés o de ver catro mil guerreiros, defensores nados da maxestade do trono, abxurar dun traballo tan vil, dar sinal dunha nobre deserción, e preferi-las esmolos do populacho ó soldo dun gran rei! Parece que a fama unira unha gloria particular a estes ilustres fuxitivos. O que fixo antano a súa vergonza, inmortalízaos hoxe; e se a guerra calma o seu valor, a anarquía fai deles heroes. En efecto, ¡por cantas fermosas accións non acaban de sinalarse! Desde o bravo granadeiro que lle disparou ó seu oficial ata o que conduciu a Mme. de Launay á Grève, todos despregaron o mesmo xénero de valor. Diante deles os muros da Bastilla derrubáronse; decatáronse os primeiros de que non estaba defendida en absoluto, e conquistárona con esa orgullosa seguranza que non coñece obstáculos; os seus nomes non serán pois os máis febles adornos do meu pequeno Dicionario e se, por ser mirado co lector, me vin obrigado a facer unha elección entre tantos conquistadores, os que non nomearei para nada non me deberán menos agradecementos, e a súa conciencia consolaraos facilmente do esquecemento.

Pero foi nese partido popular da Asemblea nacional de onde saquei os meus máis brillantes caracteres; os hábiles lexisladores que o compoñen atopáronse todos situados para secunda-la Revolución. As inxustas desgracias da Corte déronlles a uns a enerxía da vinganza; a ruína desgraciada da súa fortuna deulle ós outros o xenio da axiotaxe: e como a súa función mandaba sen cesar sobre a súa opinión, permaneceron ata ese día invariables nos seus principios. Querendo reformar Francia, sentiron a necesidade de enturba-lo Estado. Ó pobo aínda o retiñan algúns prexuízos monárquicos, e un cego amor polo seu rei. Eses grandes publicistas abrironlle os ollos; fixéronlle descubri-lo seu tirano no seu dono; probáronlle que os nobres só eran usurpadores hereditarios, xa que se atrevían a aproveitarse das posesións dos seus pais; abandonáronlle-los bens dos cegos, para sacarles ata os seus freos espirituais da relixión; en fin, polos seus sublimes decretos, despoxaron ó feble e animaron ó forte.

\*

Cando M. de Malesherbes vén, de parte de Luís XVI, pedirlle consello, chégalle con responder:

—Dígalle ó rei que faga o rei, todo está aí.

\*

Os franceses puxeron a liberdade por diante da seguridade. Sen embargo o home deixa os bosques, onde a

liberdade prevalece sobre a seguridade, para chegar ás cidades, onde a seguridade prevalece sobre a liberdade.

\*

Os franceses, cansos de gobernarse, masacróronse; cansos de masacrarse no interior, sufriron o xugo de Bonaparte, que os fai masacrar no exterior.

\*

Os filósofos din que non é unha guerra de home a home, unha loita de faccións e de paixóns, senón un gran movemento no espírito humano. Hai que collérle-la palabra, e a Revolución só é unha grande experiencia da filosofía que perde o seu proceso contra a política. Revolución ven da verba *revolvere*, que significa rebeirar.

\*

Os nosos poetas quixeron facer de Bonaparte un Augusto, persuadidos de que serían no instante eles mesmos Virxilios e Horacios. Ten menos espírito, e sobre todo menos espírito de continuidade ca Augusto. Os seus discursos nunca o valeron: debería poñer entre os seus gardas un *oficial de silencio*... A fortuna fai homes extraordinarios; o xenio só, e a conducta política e moral fan os grandes homes. Bonaparte deixou concibir esperanzas; pero non se pode esixir que teña unha idea máis alta có seu lugar.

\*

Voltaire dixo: Canto máis ilustrados sexan os homes, máis libres serán. Os seus sucesores dixéronlle ó pobo que canto máis libre fose, máis ilustrado sería; e isto botou todo a perder.

\*

Se Luís XVI morrese coas armas na man o 10 de agosto, o seu sangue tería fecundado os lis ben doutro xeito. O cadafalso e o silencio do pobo serán sempre deshonorosos para a nación, para o trono, para a imaxinación mesma.

\*

Xa coñecémo-la historia de Casandra no asedio de Troia. A razón está sentada na beira: os que están en alta mar perden os seus consellos; só recolle os naufragados.

\*

Os homes amoréanse porque teñen necesidades, e esfarrápanse porque teñen paixóns; non hai que tratalos nin como añaos, nin como leóns, senón como se fosen un e o outro; cómpre que a súa debilidade os reúna, e que a súa forza os protexa. O déspota, que só ve viles carneiros, e o filósofo, que só ve feros leóns, son igualmente insensatos e culpables.

\*

Lonxe de dicir ós pobos que a natureza fixo a tódolos homes iguais, dicídelles pola contra que os fixo moi desiguais; que un nace forte e o outro feble; que un está san e o outro enfermo; que non todos son igualmente hábiles e vixiantes; e que a obra mestra dunha sociedade ben ordenada é facer iguais, polas leis, ós que a natureza fixo tan desiguais polos medios.

\*

Se existise na Terra unha especie superior ó home, admiraría ás veces o noso instinto, pero habíase burlar con frecuencia da nosa razón.

\*

Os golpes de autoridade dos reis son coma os lóstregos, que só duran un momento; pero as revolucións dos pobos son coma eses tremores de terra, as sacudidas dos cales son comunicadas a distancias inconmensurables.

\*

Dicir que *tódolos homes nacen e permanecen libres* é dicir que *nacen e permanecen nus*. Pero os homes nacen nus e viven vestidos, como nacen independentes e viven baixo as leis. Os vestidos molestan un pouco os movementos do corpo; pero protéxeno contra os accidentes do exterior; as leis molestan as paixóns, pero defenden o honor, a vida e as fortunas. Así, para entenderse, hai que distinguir entre a liberdade e a independencia: a liberdade consiste en obedecer só ás leis; pero nesta definición atópase a palabra *obedecer*, mentres que a independencia consiste en vivir nos bosques, sen obedecer ás leis, e sen recoñecer ningún tipo de freo.

\*

Cando un goberno foi malo dabondo para excita-la insurrección, feble dabondo para non parala, a insurrección é entón un dereito coma a enfermidade, porque a enfermidade é tamén o derradeiro recurso da natureza; pero nunca se dixo que a enfermidade fose un deber do home.

\*

Hai unha fatalidade unida á nosa natureza: é que todo favorece en nós a enfermidade da que debemos morrer, os nosos alimentos, os nosos gustos, os nosos hábitos e mesmo os nosos razoamentos; pero a razón, cando se presenta, sempre a tratan de menciña.

\*

Se a opinión goberna a terra, os que dirixen a opinión nunca falan e escriben impunemente: son responsables das súas ideas, coma os reis das súas accións.

\*

A natureza condénanos a matar un polo ou a morrer de fame; aí está o fundamento dos nosos dereitos; e velaí a xenealoxía dos resortes políticos: as necesidades fundan os dereitos e os dereitos fundan os poderes; pero en Francia déuselle ó pobo poderes ós que non tiña dereito, e dereitos que non necesitaba.

\*

A medida que as supersticións diminúen nun pobo, o goberno debe aumenta-las precaucións e estreita-la autoridade e a disciplina.

\*

Sabemos que desde enriba da nosa Terra os movementos dos outros planetas parecen irregulares e confusos, e que hai que supoñerse no sol para xulgar ben a ordenación de todo o sistema: así, un simple particular xulga ben peor o corpo político no que vive có que está situado no goberno.

\*

Nos tempos calmos as reputacións dependen das clases altas; pero nas revolucións dependen das baixas, e é o tempo das falsas reputacións.

\*

É unha bondade parva e cruel consultar ós nenos sobre o estado que deben tomar: hai que elixir por eles e non botalos en indecisións que lles fan perder toda a confianza en nós, sen facer que a atopen máis neles

mesmos. O mesmo pasa cos pobos e co seu goberno.

\*

Un goberno sería perfecto se puidese poñer tanta razón na forza como forza na razón.

\*

No corpo político, o goberno é o medio e a felicidade pública o fin. Pero, en democracia, ó estaren o medio e mailo fin nas mesmas mans, o pobo só se ocupa do primeiro: é o estado de Francia, faille falta un señor.

\*

Hai no corpo político unha gradación de rivalidade e de emulación que lle dá a harmonía, dende a man de obra ata o gran propietario, e do simple soldado ó mariscal de Francia. Na dobre xerarquía dos rangos e das fortunas, cada un só ambiciona o home que ten diante del e do que só o separa un grao das dignidades ou da riqueza. Esta ambición é moi razoable; pero os filósofos acercaron bruscamente os dous extremos opoñendo o soldado ó xeneral e a man de obra ó propietario; ese contragolpe revirou todo.

\*

Os deputados cederon á tentación de situar unha declaración dos dereitos do home á cabeza da Constitución; ¡oxalá non se arrepintan! Os príncipes, ós que se lles fala sempre dos seus dereitos e os seus privilexios, e nunca dos seus deberes, son en xeral unha mala especie de homes. ¿A Asemblea Nacional terá o proxecto de facer de nós outros tantos príncipes?

\*

Se en lugar de excita-lo pobo procurasen calmalo, teríanlle dito que unha nación non ten ningún dereito contrario á súa felicidade; que un neno que se fere exerce a súa forza e non os seus dereitos: porque todo pobo é neno e todo goberno pai.